

O TEXTO EXPOSITIVO

O texto expositivo achega información de forma rigorosa e obxectiva sobre un tema coa idea de ampliar os coñecementos que sobre este ten o receptor. É un texto explicativo que atopamos na vida cotiá, na publicidade, no ámbito académico ou no administrativo.

Podemos clasificar os textos expositivos de acordo con **dous criterios**:

- **Segundo a canle** poden ser **orais** (unha explicación espontánea) ou **escritos** (uns apuntamentos).
- **Segundo a forma de presentar a información** atopamos tres tipos de exposición:
 1. Exposición **secuencial** dos acontecementos na súa orde cronolóxica ou lineal, por exemplo, unha relación de acontecementos históricos ou unha receita de cociña.
 2. Exposición **descritiva**: Presenta a información ao tempo que a vai explicando ou describindo, por exemplo, un texto que trate sobre a fotosíntese indicando as súas causas, proceso e consecuencias. Un tipo especial de exposición descritiva é a comparación, por exemplo, un esquema que explique as semellanzas e diferenzas entre dúas razas de cans.
 3. A exposición **argumentativa** atópase a medio camiño entre a exposición dun feito ou proceso e a argumentación sobre este, por exemplo, un texto que fale da contaminación atmosférica explicando as súas causas, os seus tipos, as súas consecuencias e tamén as medidas que se deberían tomar para evitala.

A estrutura habitual dos textos expositivos consta de tres partes:

- Introducción do tema.
- Desenvolvemento ou explicación.
- Conclusión ou resumo.

As principais características que deben presentar os textos expositivos son:

- Definir claramente o tema do que tratan.
- Expoñelo con claridade, orde, precisión e sinxeleza.
- Adecuarse ao contexto e ao destinatario.
- Na exposición escrita debe organizarse a información en apartados e/ou títulos e, se for necesario, apoiala con esquemas, fotografías, debuxos...
- Na exposición oral bótase man dos recursos da entoación, das pausas e da linguaxe non verbal (movementos, miradas, xestos...).

A LINGUAXE CIENTÍFICA OU DIDÁCTICA

A linguaxe que atopamos nos textos expositivos caracterízase pola súa claridade e precisión, pois a súa finalidade é dar unha explicación e facela comprensible para o receptor.

A linguaxe utilizada neste tipo de textos é a científica (exposición dos feitos) e didáctica (explicación dos mesmos) e os seus trazos principais son:

- Predominio da función representativa da linguaxe; a súa finalidade é informar de forma obxectiva e clara sobre uns acontecementos reais.
- Predominio da modalidade oracional enunciativa.
- Obxectividade.
- Uso de termos monosémicos e precisos.
- Uso frecuente de oracións subordinadas causais e consecutivas.
- Presenza de formas verbais en presente atemporal e en 3ª persoa.
- Uso de substantivos abstractos.
- Uso de recursos non lingüísticos: gráficas, esquemas, cadros, mapas...
- Uso de tecnicismos e neoloxismos, en relación coa precisión do texto. Estes termos varían de acordo coa disciplina da que trate o texto.
- Universalidade da información para que sexa comprensible en calquera tempo e lugar.
- Uso de nomenclaturas internacionais.
- Recursos que pretenden facilitar a comprensión do texto: exemplos, explicacións, aposicións...